

```
f = open("programaxixornadas.txt")

print("XIX Xornadas Tecnoloxia de Galicia")
print("5/6 maio i.e.s. Valadares. Vigo")
print("Programa obradoiros")

t = "-3D"
u = "-Intelixencia artificial"
v = "-Control e robótica"
w = "-Internet das cousas"
x = "-Programación con Python"
y = "-Electrónica analóxica e dixital"
z = "-etc."


print(t, u, v, w, x, y, z)

print("Ponher a lavadora as 15:30")
```

XIX Xornadas Tecnoloxia de Galicia
5/6 maio i.e.s. Valadares. Vigo
Programa obradoiros


- 3D
- Intelixencia artificial
- Control e robótica
- Internet das cousas
- Programación con Python
- Electrónica analóxica e dixital
- etc.

SyntaxError: Invalid syntax



UN POUCO DE HISTORIA

Cando no ano 2000 APETEGA organizou as primeiras xornadas formativas para profesorado de Tecnoloxía en Santiago non existía ningunha formación oficial por parte da Consellería. Agora as cousas melloraron, pero nas xornadas de APETEGA vas poder facer algo distinto aos cursos oficiais: charlar e intercambiar recursos e experiencias reais de aula con profesorado en activo. E iso mentres asistes a obradoiros prácticos centrados nos contidos máis relevantes na materia. Se estás asociado podes entrar na web e na aula virtual e consultar os que sexan do teu interese: IA, IoT, electrónica analóxica e dixital, 3D, control e robótica...



QUE É APETEGA?

A Asociación do profesorado de Tecnoloxía de Galicia leva funcionando ininterrompidamente dende o ano 1999, representando as demandas educativas e peticións formativas da nosa materia.

Nestes lustros houbo unha serie de cambios legislativos e curriculares case que constantes e foron múltiples as ocasións en que a nosa materia estivo sometida a propostas de cambios por parte de políticos e funcionarios non especialistas.

Ademais, pola propia natureza da nosa materia, precisamos unha formación considerablemente maior que o resto das materias de Secundaria.

A característica máis distintiva é que ningún somos especialistas no 100% do noso currículo e polo tanto a necesidade formativa é permanente.



Asociación
do Profesorado
de Tecnoloxía
de Galicia

POR QUE ASOCIARSE?

Ante a necesidade formativa do profesorado de tecnoloxía e a escasa representación da nosa materia dende os sindicatos de profesorado decidimos autoorganizarnos para facermos reivindicacións propias e autoformarnos organizando as Xornadas. APETEGA é unha asociación con cambio bienal de directiva e conta con unha base social sólida, se ben é certo que dende a pandemia diminuíu a participación. Por esa razón a directiva actual decidiu imprimir este tríptico e lembrarnos que o profesorado de Tecnoloxía ten unha plataforma propia independente para reivindicar os dereitos da nosa materia.

COMO ASOCIARSE

Tes toda a información na páxina web de Apetega:
<https://www.apetega.gal/gl/asociacion>

Para asociarse é necesario:

- Cubrir o formulario de inscrición por vía telemática.
- Ingresar 70€ na conta de APETEGA (pago único, a cota de renovación anual serán 30€)
- Remitir o resgardo do ingreso
- Enviar a autorización de domiciliación bancaria asinada para a seguinte renovación anual. Envío por correo postal ou, con sinatura con certificado dixital, por correo electrónico

Datos de contacto:

Nº conta: ES14 3070 0021 7561 9418 8329 (Caixa Rural)

Correo e: contacto@apetega.gal

Postal: Apdo. Correos nº142, 15.702-Santiago de Comp.

